

A Xunta do Padroado da Cultura do Concello de Narón, na reunión celebrada o día once de agosto de dous mil catorce, adoptou entre outros, o acordo seguinte:

### **5º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA SERVIZOS COMPLEMENTARIOS NO PADROADO.**

A Xunta do Padroado tratou a seguinte proposta, asinada polo vicepresidente:

“Visto que mediante acordo da Xunta do Padroado da Cultura do concello de Narón de data 24 de xuño de 2014 se aprobou o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas particulares e de Prescricións Técnicas para a adxudicación do servizo denominado “Servizos complementarios no Padroado da Cultura do concello de Narón”, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, e así mesmo se procedeu a autorizar o gasto que supón a súa adxudicación.

Visto que se tramitou o expediente de contratación de acordo ao establecido no artigo 109 do Texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Visto que con data de 4 de xullo de 2014 foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña un anuncio de licitación co que se iniciaba o período de presentación de ofertas, así como no perfil do contratante da páxina web do Padroado, para que calquera empresa que estivera interesada presentase unha oferta.

Visto que durante o prazo de licitación presentaron ofertas as seguintes empresas:

- EULEN, S.A.
- SERVICIOS CULTURALES ALGAMA, S.L.
- TEDAGA, S.L

Visto que con data 28 de xullo de 2014 a Mesa de Contratación procedeu á apertura do sobre A, contendo a documentación administrativa e examinada a mesma comprobouse que as empresas presentaban a declaración responsable, polo que todas as empresas licitadores foron admitidas.

Visto que con data 31 de xullo de 2014, a Mesa de Contratación procedeu á apertura do sobre B, que contén a documentación relativa á proposición técnica, e esta foi remitida aos técnicos competentes para a emisión dos informes correspondentes.

Visto os informes técnicos emitidos por de valoración das ofertas técnicas, (un por D. Xosé Paulo Rodríguez Domínguez, Director do Teatro Rosalía Castro, do concello da Coruña, e presidente da Rede española de teatros, auditorios e circuitos de titularidade pública, para a avaliación do proxecto e organización, e outro por D. Luciano Fernández Vicente, Director Técnico do Padroado da Cultura do Concello de Narón, para a avaliación das melloras propostas polos licitadores non contempladas nos pregos sen custe económico), que forman parte do expediente para que calquera interesado poida consultalo, e que foron ratificados pola Mesa de Contratación en reunión celebrada o día 5 de agosto de 2014, resultan as seguintes puntuacións:

LICITADORES	PROXECTO E ORGANIZACIÓN	MELLORAS SEN CUSTE	PUNTUACIÓN TOTAL
TEDAGA, S.L.	26,00	20,00	46,00
EULEN, S.A.	23,00	17,15	40,15
SERVICIOS CULTURALES ALGAMA, S.L.	30,00	4,35	34,35

Nesa mesma reunión, a Mesa de Contratación procedeu á apertura do sobre C, relativo á proposición económica, coas seguintes ofertas:

LICITADORES	PREZO CON IVE OFERTA 15.000 H.	PUNTUACIÓN
EULEN, S.A.	393.698,91 euros	50,00
TEDAGA, S.L.	398.823,12 euros	49,36
SERVICIOS CULTURALES ALGAMA, S.L.	403.873,46 euros	48,74

Seguidamente, a Mesa de Contratación clasificou as puntuacións totais por orde decrecente como resultado das seguintes puntuacións:

LICITADORES	PUNTUACIÓN PROPOSTAS TÉCNICAS	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN TOTAL
TEDAGA, S.L.	46,00	49,36	95,36
EULEN, S.A.	40,15	50,00	90,15
SERVICIOS CULTURALES ALGAMA, S.L.	34,35	48,74	83,09

Visto que se examinou a documentación que se achega á oferta, e visto que cumpre co establecido no prego de condicións administrativas, e de conformidade co establecido no artigo 151 e a Disposición adicional segunda do Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por resolución da presidencia de data cinco de agosto deste ano, acordouse clasificar as proposicións presentadas polos licitadores por orde decrecente.

Visto que se requiriu á empresa Tedaga, S.L., con CIF: B-15479793, empresa que acada a maior puntuación na clasificación anteriormente citada, para que presentase a documentación xustificativa da personalidade xurídica e capacidade de obrar, a solvencia económica e técnica, así como de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social e a Facenda Pública, e constituíse a garantía definitiva.

Visto que esa empresa constituíu garantía definitiva por importe de 16.480,30 euros e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Por todo o exposto, propónse á Xunta do Padroado da Cultura a adopción dos acordos seguintes:

**PRIMEIRO.-** Ratificar a clasificación das proposicións presentadas polos licitadores, unha vez valorados os criterios de adjudicación que figuran no prego de condicións particulares, de conformidade co seguinte orde decrecente.

LICITADORES	PUNTUACIÓN PROPOSTAS TÉCNICAS	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN TOTAL
TEDAGA, S.L.	46,00	49,36	95,36
EULEN, S.A.	40,15	50,00	90,15

SERVICIOS CULTURALES ALGAMA, S.L.	34,35	48,74	83,09
-----------------------------------	-------	-------	-------

**SEGUNDO.-** Adxudicar o contrato do servizo denominado “Servizos complementarios no Padroado da Cultura do concello de Narón” á empresa Tedaga, S.L., con CIF: B-15479793, polos prezos máximos seguintes:

- prezo máximo para os servizos de carácter ordinario de 659.211,78 euros, máis 138.434,46 euros de IVE, o que fai un total de 797.646,24 euros.
- Prezo máximo para os servizos de carácter extraordinario ordinario de 41.322,32 euros, máis 8.677,68 euros de IVE, o que fai un total de 50.000 euros (segundo os prezos unitarios presentados pola empresa na súa oferta económica).

**TERCEIRO.-** O contrato terá un prazo de duración de dous anos, contados a partir do 1 de setembro de 2014.

**CUARTO.** Dispoñer o gasto con cargo plurianual do seguinte xeito:

Ano 2014, con cargo á autorización de gasto A=230/14: 132.941,04 euros, para o período comprendido entre o 1 de setembro e o 31 de decembro de 2014.

Ano 2015 - Nos orzamentos de 2015, deberán consignarse 423.823,12 euros (A=2/15).

Ano 2016 – Nos orzamentos de 2016, deberán consignarse 290.882,08 euros (A=2/16), para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de agosto de 2016.

**QUINTO.-** O pago do prezo realizarase contra factura mensual segundo os traballos efectivamente realizados e expedida de acordo coa normativa vixente, e debidamente conformada polo director técnico do Padroado.

**SEXTO.-** Notificar a presente resolución a todas as empresas presentadas, e ademais citar á empresa Tedaga, S.L., adxudicataria do servizo, para a sinatura do contrato, que se deberá efectuar non máis tarde dos quince días hábiles seguintes á recepción da notificación da presente resolución.

**SÉTIMO.-** Publicar a adxudicación do contrato do servizo citado no perfil de contratante e no Boletín Oficial da Provincia.

**OITAVO.-** Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da lei de contratos do sector público aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.”

## VOTACIÓN

A proposta transcrita foi aprobada por maioría, co seguinte resultado:

Votos en contra: 0

Abstencións: 1 (D<sup>a</sup> Patricia Aneiros Freire))

Votos a favor: 8 (D. José Manuel Blanco Suárez, D. Guillermo Sánchez Fojo, D<sup>a</sup> Mar Gómez Casal, D<sup>a</sup> Sandra Padín Freire, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Mouriz Prieto, D. Óscar Beceiro Hermida, D. Avelino Rouco Hermida e D. Xosé Francisco Roade Servia).

Narón, 12 de agosto de 2014

O SECRETARIO DELEGADO DO PADROADO DA CULTURA

ANXO FRANCO BAÑOBRE



